

Obxectivos:

O obxectivo principal desta xornada é informar o persoal técnico responsable de proxectos e obras de edificación sobre as próximas modificacións do Código técnico da edificación (CTE), que afectan algúns dos seus documentos básicos e que supoñen a actualización das referencias normativas destes.

As principais novidades derivan das exixencias das directivas europeas que establecen a obrigaón de revisar e actualizar os requisitos mínimos exixibles en materia de eficiencia enerxética dunha forma periódica, polo que se fai necesaria a modificación do documento básico de aforro de enerxía (DB-HEI). Ademais, tendo en conta estas novas exixencias e o seu efecto sobre os cerramentos exteriores, realízanse modificacións no documento básico de seguridade en caso de incendio (DB-SI) para limitar o risco de propagación do incendio polo exterior do edificio. Destaca tamén que para a transposición parcial da Directiva 2013/59/EURATOM, introdúcese unha nova exixencia básica de salubridade de protección fronte ao gas radon (DB- HS6).

Por outra banda, abordarase o estudo do novo código estrutural como marco regulamentario das exixencias que deben cumprir as estruturas de formigón, as de aceiro e as estruturas mixtas formigón-aceiro para satisfacer os requisitos de seguridade estrutural e seguridade en caso de incendio, así como da protección do ambiente e a utilización eficiente de recursos naturais.

Persoas destinatarias:

A xornada está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 208, do 31 de outubro de 2019.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Xornada

MODIFICACIÓN DO CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019



MARTES, 19 DE NOVIEMBRE

10.00 h. Presentación da xornada.

10.15 h. **Modificación do Código Técnico da Edificación (CTE):**

- Novo documento DB-HE. Documento aforro de enerxía.
- Novo documento DB-SI. Documento relativo á propagación exterior por fachadas.
- Novo documento DB-HS6. Documento de protección de edificios fronte ao radon.

Isabel Marcos Anasagasti.

Xefa da Área de Seguridade e Accesibilidade da Subdirección de Arquitectura e Edificación. Ministerio de Fomento.

12.30 h. Pausa café.

Inscrición:

<https://egap.xunta.gal/matricula>

Información:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal

Web: <https://egap.xunta.gal>

13.00 h. **O código estrutural.**

- **Visión xeral do código estrutural.**

Miguel Ángel Bermúdez Odrizola.

Coordinador da Área Xeral de Normativa e Regulamentación Técnica da Secretaría Xeral Técnica. Ministerio de Fomento.

14.30 h. Peche da xornada.



NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal/>